



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE CLAUSULAS ECONOMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

Procedemento: **ABERTO ORDINARIO.**

Adxudicación: **Varios Criterios.**

Orzamento de licitación: **17.424,00 € (I.V.E. incluído)**

Contrato: **Suministro de Equipos Informáticos polo sistema de arrendamento con opción de compra.**

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do contrato ao que se refire o presente prego é a contratación de subministración en réxime de arrendamento con opción de compra dos equipos informáticos (CPV 30200000-1) descritos no prego de condicións técnicas correspondente para o Excmo. Concello de Portomarín e diversas dependencias municipais (en diante Concello). Faise precisa a contratación do servizo á vista da necesidade dos devanditos equipamentos para o normal desenvolvemento da actividade laboral diaria, considerando que é necesario homoxeneizar e modernizar o parque informático do Concello debido as últimas novidades lexislativas en canto a administración electrónica, procedemento administrativo, etc.... Esta homoxeneización e modernización pretende reducir a complexidade actual a hora de resolver incidencias tanto de software como de hardware debido os programas e aplicacións utilizadas na actualidade. Ademais ao dotar de equipamento moderno aos diferentes servizos e postos, buscase incrementar a axilidade no traballo cotián así como mellorar na xestión da administración electrónica. dispón dos devanditos medios.

A execución do contrato deberá adecuarse ao prego de condicións administrativas e de prescricións técnicas, que teñen carácter contractual.

Non se admitirá a oferta de bens usados ou de segunda mao.

No caso de contradicións entre o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, prevalecerá o primeiro.

SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación.

A forma de adxudicación do contrato de suministro será o procedemento aberto ordinario, artigo 157 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 160 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro e coa cláusula sétima deste prego.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE CLAUSULAS ECONOMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

TERCEIRA, Prezo.

O orzamento máximo fíxase nun total de **17.424,00 €**, DEZASETE MIL CATROCENTOS VINTE E CATRO EUROS, que consiste no importe de licitación máis o I.V.E. correspondente, co seguinte desglose total:

IMPORTE	IVE (21 %)	TOTAL
14.400,00 €	3.024,00 €	17.424,00 €

A duración do contrato será de 60 meses, polo que o prezo mensual será de 240,00 euros/mes máis IVE.

As proposicións económicas dos licitadores non poderán exceder de este orzamento.

Para atender as obrigas derivadas do presente contrato, existe crédito suficiente no orzamento da corporación, en ningún caso, as adxudicacións específicas de suministro e instalación de equipamentos poderán superar o crédito dispoñible na partida orzamentaria correspondente durante o tempo de vixencia do contrato.

Os prezos de contratación dos suministros comprendidos neste contrato, considerando o prazo de entrega, non poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e por tanto non se aplicará fórmula algunha de revisión.

CUARTA. Acreditación da Aptitude para Contratar.

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar, e non estén comprendidas nalgunha das circunstancias contempladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado por R.D.L. 3/2011 de 14 de novembro. e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1.- A capacidade de obrar do empresario acréditase:

- a) Os empresarios que foran **persoas xurídicas** mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no Rexistro Público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- b) Os empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea** pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE CLAUSULAS ECONOMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

- c) **Os demais empresarios estranxeiros**, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular no ámbito territorial na cal radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia** dalgunha das **prohibicións para contratar** reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro poderá realizarse:

- a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.
- b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade esta prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A solvencia do empresario:

3.1.- A **solvencia económica e financeira** do empresario, de conformidade co artigo 75 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (modificado pola Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público) acreditarase por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Presentación da súa clasificación no grupo ou subgrupo que lle corresponda.
- b) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato, por importe igual ou superior a 60.000,00€.
- c) Nos casos en que resulte axeitado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- d) Patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, ao peche do último exercicio económico para o que esté vencida a obriga de aprobación das contas anuais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento ou nos pregos do contrato ou, no seu defecto, ao establecido regulamentariamente.

2.- A acreditación documental da suficiencia da solvencia económica e financeira do empresario efectuarase mediante achega dos certificados e documentos que para cada caso se determinen regulamentariamente. En todo caso a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditarán fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contra, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE CLAUSULAS ECONOMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

3.2.- A solvencia técnica do empresario acreditarase, de conformidade co establecido no artigo 76 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, (modificado pola Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público). Acreditarase por un ou varios dos seguintes medios:

- a) Relación dos suministros ou contratos similares realizados no curso dos cinco últimos anos.
- b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estén ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución do suministro e mantemento dos equipos.
- c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable do mantemento dos equipos.
- d) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

QUINTA. Presentación de Ofertas e Documentación Administrativa.

As ofertas presentaranse no Concello de Portomarín (Rexistro Xeral), en horario de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de **QUINCE DÍAS NATURAIS** contados a partir do día seguinte ao da recepción da invitación.

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común nas Administracións Públicas.

Cando as ofertas se envíen por correo, (Concello de Portomarín, Praza Condes de Fenosa nº1, 27.170 Portomarín – Lugo) o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax (982-545104) ou telegrama no mesmo día, consignándose o número de expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida neste polo/a encargado/a de rexistro do Concello.

Cada licitante non poderá presentar máis dunha oferta. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas do presente Prego.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE CLAUSULAS ECONOMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

As ofertas para tomar parte na licitación presentaranse en tres sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que fará constar a denominación do sobre e a lenda “ **Proposición para licitar a contratación do SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA NO CONCELLO DE PORTOMARIN**”. A denominación dos sobres é a seguinte:

- a. Sobre “A”: Documentación Administrativa.
- b. Sobre “B”: Documentación Técnica.
- c. Sobre “C”: Proposición Económica.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada destes:

SOBRE “A” DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado por o Servizo de Asistencia e Defensa Xurídica das Corporacións Locais da Excma. Deputación Provincial de Lugo, notario ou avogado en exercicio.
- Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.
- Igualmente a persoa con poder bastantado para os efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro .

Esta declaración incluírá a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia, impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación , polo empresario ao favor do cal se vai efectuar esta.

d) Os que xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE CLAUSULAS ECONOMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

e) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

f) Documento no que conste a dirección de correo electrónico, fax e teléfono fixo ou móbil a través do cal se lle poidan remitir as comunicacións que se estimen pertinentes seguindo o modelo que se detalla a continuación:

“D.....con domicilio para os efectos de notificacións en.....,c/.....nº.....con D.N.I nº.....en representación da Entidade.....con C.I.F.nº....., comunico que a dirección de correo electrónico, número de fax, así como de teléfono fixo e/ou móbil a través dos que se poden establecer unha vía de comunicación con esta empresa no que atañe a este procedemento para a adxudicación do contrato de **SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA NO CONCELLO DE PORTOMARIN:**

Dirección de correo electrónico:.....

Número de Fax:.....

Número de teléfono/s fixo e móbil:.....

En....., a.....de.....de.20.....

Sinatura do licitador,

Asdo.:.....

Toda a documentación administrativa anteriormente relacionada, agás a sinalada na letra f), poderase substituír por a presentación de declaración responsable conforme ao seguinte modelo:

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. con D.N.I:e domicilio en, actuando en nome propio ou en representación decon domicilio en....., e en relación co contrato de **SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA NO CONCELLO DE PORTOMARIN.**

Declara

Que cumpre as condicións establecidas para contratar coa Administración de conformidade co exposto no art. 146.4 del TRLCSP; comprometéndose no caso de ser o licitador a cuxo favor recaiga a proposta de adxudicación, a acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE CLAUSULAS ECONOMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

documentos esixidos na cláusula quinta do presente prego (Documentación Administrativa). De igual modo se compromete a achegar en calquera momento e a requirimento da Administración, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser o adxudicatario do contrato conforme ao parágrafo 2, do epígrafe 4 do artigo 146 do TRLCSP.

(Lugar, fecha y firma del proponente)

Así mesmo os certificados emitidos polos diferentes rexistros oficiais de licitadores e empresas clasificadas do Estado e das Comunidades Autónomas eximirán da presentación da documentación neles contidas, certificación ás que deberán acompañar unha declaración xurada conforme a que os datos nelas recollidas non sufriron nin experimentaron variación algunha.

SOBRE “B” DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

O sobre conterá toda a documentación que considere adecuada para que sexa valorada de acordo cos criterios de valoración recollidos na cláusula sétima de este prego, así como no prego de condicións técnicas.

SOBRE “C” PROPOSICIÓN ECONÓMICA

a) Proposición económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

“D.....con domicilio para os efectos de notificacións en.....,c/.....nº.....con D.N.I nº.....en representación da Entidade.....con C.I.F.nº....., decatado do expediente para a realización do contrato de **SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA NO CONCELLO DE PORTOMARIN** fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a tomar ao meu cargo a execución do suministro, con estrica suxeición aos requisitos e condicións establecidas, por importe máximo de euros, máis a cantidade de euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

Así mesmo fago constar que na presente licitación de **SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA NO CONCELLO DE PORTOMARIN** (indíquese o que proceda):

a) Non concorre con empresas vinculadas.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE CLAUSULAS ECONOMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

b) ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación _____

CIF _____

En....., a.....de.....de.20.....

Sinatura do licitador,

SEXTA. Garantía Provisional.

Non se esixe.

SÉTIMA. Criterios de adxudicación.

Para a valoración das ofertas máis vantaxosas atenderase os seguintes criterios:

Criterio	Puntuación
Oferta económica Adxudicaranse 6 puntos por cada 1% de rebaixa sobre o prezo fixado, sen que se teñan en conta as fraccións desta porcentaxe.	Ata 50 puntos
Melloras técnicas Teranse en conta as melloras técnicas ofrecidas. É necesario que os licitadores expoñan de xeito claro e detallado as prestacións que inclúen neste apartado e describan as melloras que supoñen para o Concello as prestacións adicionais.	Ata 30 puntos
Outras melloras Valorarase calquera tipo de mellora non contemplada e que supoña para o concello un aumento nas prestacións iniciais.	Ata 20 puntos

OITAVA. Mesa de Contratación.

Compete a mesa de contratación a apertura e valoración das ofertas presentadas; a cal estará integrada por os seguintes membros:

Presidente:

O Alcalde ou membro da corporación en quen delegue.

Vocais:

O Secretario-Interventor do Concello ou funcionario en quen delegue.

O técnico municipal ou funcionario en quen delegue.

Un técnico informático designado por o órgano de contratación.

Secretario/a:

Un/ha funcionario/a da corporación municipal.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE CLAUSULAS ECONOMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

NOVENA: APERTURA E VALORACIÓN DE OFERTAS.

A Mesa de Contratación constituirase nos 2 días naturais seguintes (no caso de coincidir a sábado esta trasládase o luns seguinte) ao de finalización do prazo de recepción das ofertas en acto público, publicarase o día, hora e lugar no taboleiro de anuncios do Concello e no Perfil de Contratante da páxina web do concello.

Seguidamente, o Secretario da Mesa procederá a abrir tódolos sobres das proposicións (sobres A) que se recibisen, e a Mesa examinará e avaliará a documentación administrativa esixida para participar na licitación.

De observarse defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, ou requirirse a achega de documentación complementaria, comunicarase aos interesados concedéndolles un prazo de 3 días hábiles para a subsanación ou achega.

Estes requirimentos efectuaranse verbalmente, ou mediante fax ou telemáticamente de así estimarse, sen prexuízo do correspondente anuncio no Perfil do contratante do Concello, momento dende o que contará o prazo de cumplimentación do requirimento.

Cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións, a Mesa procederá a declarar as propostas admitidas e as rexeitadas con causas de tal rexeitamento.

A falta de xustificación da solvencia técnica ou económica, cando tal se esixa previamente, segundo criterio motivado da Mesa, terá carácter excluín-te.

A continuación procederase a apertura dos sobres B, o acto transcorrerá dando conta pola Presidencia do resultado da cualificación da documentación xeral, con exclusión das correspondentes proposicións rexeitadas, que non poderán ser abertos, e dará conta das propostas contidas neles, coa posibilidade de exame polos interesados.

Serán rexeitadas motivadamente todas aquelas proposicións que se aparten substancialmente do modelo proposto, non garden concordancia coa documentación examinada e admitida, diminúan as características técnicas mínimas adecuadas esixidas de partida, comporten erro manifesto ou contradigan esixencias esenciais dos pregos.

Esta documentación técnica será valorada por parte dos membros da mesa segundo os criterios establecidos neste prego, a Mesa de Contratación poderá contar cos asesores técnicos que precise e estime convinte.

Concluída esta fase procederase a apertura dos sobres C, o acto transcorrerá dando conta pola Presidencia do resultado da cualificación da documentación xeral, con exclusión das correspondentes proposicións rexeitadas, que non poderán ser abertos, e dará conta das propostas contidas neles, coa posibilidade de exame polos interesados.



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE CLAUSULAS ECONOMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

Serán rexeitadas motivadamente todas aquelas ofertas que se aparten substancialmente do modelo proposto, non garden concordancia coa documentación examinada e admitida, diminúan o canon mínimo de partida, comporten erro manifesto ou contradigan esixencias esenciais dos pregos.

A Mesa de Contratación formulará proposta de adxudicación, determinando por orde decrecente a puntuación obtida por cada ofertante respecto de cada posto.

Esta proposta non outorgará dereito ningún a favor do adxudicatario proposto.

Acto seguido o Sr. Alcalde como representante do órgano de contratación requirirá ao licitador que presentou a oferta económica máis vantaxosa (no caso de empate acudirase ao que dispón para estes supostos o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por R.D.L. 3/2011 de 14 de novembro), para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar desde o seguinte a aquel en que recibira o requirimento, presente a DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE:

- Acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias.
- Acharse ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Dispoñer efectivamente dos medios que se compromete a dedicar ou subscribir á execución do contrato.
- Constitución da garantía definitiva.
- En caso de que a documentación administrativa inicial fose substituída pola declaración responsable, deberá achegar así mesmo toda a documentación prevista na cláusula QUINTA.

DÉCIMA. ADXUDICACIÓN_

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos CINCO DÍAS HÁBILES seguintes á recepción da documentación prevista na cláusula anterior, adxudicación que será motivada, notificada aos licitadores e simultaneamente se publicará no perfil do contratante, artigo 151.4 e 151.5 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro.

DECIMO PRIMEIRA. GARANTÍA DEFINITIVA

Os que resulten adxudicatarios dos contratos deberán constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban surtir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento



CONCELLO DE PORTOMARIN (LUGO)

PREGO DE CLAUSULAS ECONOMICO ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO CON DIVERSOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICO POLO SISTEMA DE ARRENDAMENTO CON OPCION DE COMPRA.

desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro.

DECIMO SEGUNDA. Formalización do Contrato.

O contrato formalizarase dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte o da notificación da adxudicación definitiva e axustarase ao disposto no artigo 156 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, e se por causas imputables ao adxudicatario non se puidese formalizar o contrato, se poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional, de acordo co artigo 156.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro.

Ao contrato que se formalice unirase un exemplar deste prego de cláusulas administrativas particulares, que serán asinados polo adxudicatario.

DECIMO TERCEIRA. Gastos e anuncios

O adxudicatario virá obrigado a pagar os gastos de publicación de anuncios en Diarios Oficiais, así como nun diario de prensa (por unha soa vez), ata un importe máximo de 1.000 euros.

DECIMO CUARTA. Obrigas do adxudicatario

O contratista queda obrigado a realizar o suministro nos termos recollidos no Prego de Cláusulas Administrativas e no Prego de condicións técnicas.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista; a reparación e a satisfacción das indemnizacións polos danos que se lle causen tanto ao Concello de Portomarin como a terceiros será por conta súa, como consecuencia das operacións que requira a execución das obras, salvo cando tales prexuízos fosen ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde do Concello de Portomarin.

